



CONCELLO DE LOBIOS

**MINUTA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENARIO
MUNICIPAL DO DÍA 31 DE XULLO DO 2006.**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Francisco Veloso González
D. José Álvarez Pereira
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. Antonio Pérez González
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Secretaria, Acctal:

D^a. María del Carmen Rodríguez
Fernández.

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 20,00 horas do día 31 de xullo 2006, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Extradinaria do Plenario do Concello de Lobios.

Estando presentes os 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MINUTA DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XUÑO DO 2006.

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión unha copia da minuta da Acta da Sesión Ordinaria celebrada por este Plenario o día 30 de xuño do 2006, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

O Sr. Fernández Simo indica que está conforme coa Acta .

O Sr. Veloso González manifesta que en varias ocasións preguntou que desde que houbo cambio de secretario, por xubilación do anterior, ¿quén vai ocupar esta praza?,



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

parecendo excesivo o que cobra o Asesor, e que nin sequera se lle responde a esta pregunta.

Responde o Sr. Alcalde que a esta pregunta xa se respondeu por dúas veces, replicando o Sr. Veloso que a xente quere saber o que cobra este señor.

Continua o Sr. Veloso que respecto ós procedementos débense levar a contabilidade ó día e polo que respecta á pregunta nº 5 plantexada na Sesión anterior, polo que respecta ós procedementos contra o Concello por reclamación de cantidades tanto en vía xudicial como administrativa, respondendo o Sr. Alcalde dicindo que non había ningunha reclamación, responde o Sr. Veloso dicindo que esta resposta é falsa, reiterando o Sr. Alcalde que que el coñeza, ningunha e que de coñecelo o Sr. Veloso que diga cal, volvendo a replicar o Sr. Veloso para dicir que se derive esta pregunta á Sra.. Interventora quen responde que somentes responderá se así o ordena o Sr. Alcalde, pero que de tódolos xeitos hoxe, nesta Sesión non pode responder a esta pregunta.

O Sr. Alcalde indícalle ó Sr. Veloso que non é este o intre de facer preguntas nin rogos xa que o punto que estamos a debater versa sobre alegación ou observacións á minuta da Acta da última Sesión celebrada. Neste intre o Sr. Veloso está un momento dando lectura á Acta da última Sesión que lle foi entregada coa convocatoria polo que o Sr. Alcalde manifesta que non vamos a estar esperando a que lea a Acta xa que tivo tempo de facelo anteriormente. O Sr. Veloso intervén para dicir que o lóxico sería que pola Sra.. Secretaria se dera lectura en voz alta á Acta que se pretende aprobar.

Logo destas observacións o Sr. Alcalde somete a votación a minuta da Acta da Sesión do 30 de xuño do 2006, resultando aprobada polo voto favorable dos seis membros do Grupo Municipal do PP, votando en contra da súa aprobación os catro membros do Grupo Municipal do PSdeG PSOE e absténdose o Sr. Concelleiro do BNG.

SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO ARTIGO SÉTIMO DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN DE DATOS.

O Sr. Alcalde recorda á Corporación que con data 28 de abril pasado este Pleno aprobou a Ordenanza reguladora de Ficheiros Automatizados de Datos de carácter persoal, conforme ó tratamento destes datos que se recolle na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal, e que no seu artigo sétimo establécese que o órgano responsable de ficheiros de datos automatizados de carácter persoal serán os xefes de ficheiros designados pola Alcaldía, e téndose observado que a traballadora ó servicio do Concello D^a Montserrat Álvarez Rodríguez non constaba designada e que é a responsable dos rexistros de entrada e saída de documentos e permisos de festas, considera que se debe introducir unha pequena modificación no artigo sétimo da ordenanza aprobada o 28 de abril no senso de incluír como responsable dos citados ficheiros de rexistro de entrada e saída e permisos de festas deberáse incluír á



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

citada D^a Montserrat Álvarez Rodríguez, manténdose o resto do artigo sétimo tal como estaba redactado na ordenanza aprobada o pasado 28 de abril.

Faise entrega a cada un dos membros da Corporación dunha proposta de ordenanza de ficheiros automatizados de datos de carácter persoal na que se introducen as modificacións antes referidas do artigo sétimo da ordenanza.

O Sr. Fernández Simo adianta xa a súa abstención cando chegue o momento da votación por entender que a designación dos funcionarios responsables destes ficheiros foi feita polo Grupo de Goberno, tratándose en tódolos casos, agás o da funcionaria D^a María del Carmen Rodríguez de persoal laboral, que non é que lle ofrezan desconfianza algunha. Pero entende que esta contratación tería que ser feita con criterios democráticos.

O Sr. Veloso González pronúnciase na mesma liña entendendo que todo persoal contratado que se fai responsable dos ficheiros de datos de carácter persoal son de absoluto sometemento á alcaldía polo que existe unha falta de seriedade e rigos na selección deste persoal.

Sometida a votación a proposta de ordenanza, da que se fixo entrega a cada Concelleiro, resulta aprobada polos seis votos a favor emitidos polos Srs.. Concelleiros do PP, votando en contra os catro membros do Grupo PSdeG PSOE, absténdose o Sr. fernández Simo como integrante do Grupo do BNG.

TERCEIRO.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR.

O Sr. Alcalde informa á Corporación do expediente tramitado para a elección da persoa que se propoña á Sala De Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu nomeamento como Xuíz de paz deste municipio por un período de catro anos, tal como establece o art.. 101.4 da Lei Orgánica 6/85 de primeiro de xullo do Poder Xudicial e unha vez ultimado o concurso e o prazo de presentación de instancias previamente publicado no BOP do 30 de xuño do 2006, presentouse unicamente unha solicitude subscrita por D. Manuel paz León, que aporta toda a documentación precisa acreditativa de que reúne os requisitos legalmente esixidos, estando o expediente a disposición dos Srs.. Concelleiros que queiran examinar.

O Sr. Fernández Simo manifesta que non ten nada que obxectar xa que non existe máis que un candidato.

O Sr. Veloso González di que como o Equipo de Goberno ten a maioría el non pode dicir nada aínda que o lóxico sería por bandos e anúnciao por todo o termo municipal.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Pleno, co voto favorable de sete dos Srs.. Concelleiros e a abstención de catro dos seus membros do Grupo do PSdeG PSOE acorda propor á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para desempeño do cargo de Xuíz de paz Titular deste Concello a D. Manuel Paz León, DNI nº 34.539.522 – P por entender que reúne tódolos requisitos esixidos pola Lei orgánica do Poder Xudicial, tendo que elevarse este acordo á indicada Sala de Goberno coa documentación acreditativa de cumprir estes requisitos.

CUARTO.- APROBACIÓN DAS CONTAS DOS ANOS 1999 e 2000.

O Sr. Alcalde da conta dos expedientes tramitados para a aprobación das Contas xerais dos anos 1999 e 2000, tramitación efectuada como consecuencia da esixencia formulada polo Consello de Contas de Galicia, e de conformidade co acordo deste Pleno acadado en Sesión do 7 de decembro do 2005.

A Conta do ano 1999 foi dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contas con data 28 de marzo do 2006, sendo sometida a Conta e o dictame da Comisión a preceptiva información pública mediante Edicto publicado no BOP nº 84 do 11 de abril do 2006.

A Conta do ano 2000 tamén foi dictaminada pola comisión _Informativa de Facenda e Contas con data 28 de abril do presente ano 2006, sendo sometida a Conta e o Dictame á preceptiva información pública mediante Edicto publicado no BOP nº 124 do día primeiro de xuño do 2006.

En ámbolos dous casos, tal como consta nas pertinentes certificacións expedidas pola Secretaría do Concello que obran nos respectivos expedientes, durante os 15 días hábiles en que as Contas estiveron sometidas a información pública e oito días máis, non se presentaron reclamacións en contra das mesmas.

Polo tanto somete a consideración e aprobación no Plenario das Contas Xerais dos Orzamentos Municipais dos anos 1999 e 200, co resume seguinte:

Ano 1999

d) Dereitos pendentes de cobro orzamentario	6.711.034 Pts.
e) Dereitos pendentes de cobro pechados	33.698.755 Pts.
h) Dereitos de difícil recadación	
i) Fondos líquidos en Tesourería	43.261.648 Pts.
f) Obrigacións pendentes de pago orzamento	
g) Obrigacións pendentes de pago pechados	15.299.553 Pts.
j) Saldo de operacións non orzamentarias:	1.559.005 Pts.
Remanente de Tesourería (d+e-h+i-f-g-j)	66.812.879 Pts.



CONCELLO DE LOBIOS

Ano 2000

d) Dereitos pendentes de cobro orzamentario	
e) Dereitos pendentes de cobro pechados	39.542.556 Pts.
h) Dereitos de difícil recadación	
i) Fondos líquidos en Tesourería	63.217.988 Pts.
f) Obrigacións pendentes de pago orzamento	
g) Obrigacións pendentes de pago pechados	15.189.053 Pts.
j) Saldo de operacións non orzamentarias:	- 816.143 Pts.
Remanente de Tesourería (d+e-h+i-f-g-j)	88.387.634 Pts.

Aberta a rolda de intervencións, o Sr. Fernández Simo manifesta que na revisión que ten feito a estas contas vense atopando con cheques, facturas, albarás que non parecen moi conformes, polo que indica que o único lóxico que se pode facer é votar en contra xa que non se cumpriu a normativa aplicable nesta materia e que incluso votaría en contra aínda que estivera no Grupo de Goberno, reiterando tódalas súas manifestacións feitas cando se aprobaron as Contas dos anos 1997 e 1998.

O Sr. Veloso di que pouco se pode revisar xa que pasados cinco anos nada se pode investigar. Indica que o actual Alcalde entrou no Concello no ano 1995 prometendo a realización dunha auditoría, que aínda non se fixo, sendo unha situación triste e lamentable cando pasados sete anos preténdense aprobar unhas Contas, o que indica unha falta de seriedade, e dirixíndose a todo o Grupo de Goberno manifesta que esta situación para vostedes é un pecado venial, crendo que é o primeiro Alcalde que nunca aprobou unha Conta Anual. Continua dicindo que seguindo as directrices do seu partido, solicita que se emita un informe por escrito relativo á legalidade destas Contas sendo este o momento procedente para que os responsables da intervención municipal emitan informe sobre a documentación contable existente.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que toda a documentación que integra estas Contas está a disposición, en calquera momento, dos Srs.. Concelleiros e que miren se existe algún documento non legal; as Liquidación dos Orzamentos a que se refiren as Contas que se someten a aprobación xa obran no Consello de Contas en Santiago, sendo o único fallo non ter sometido estas Contas á aprobación polo Pleno.

Replica o Sr. Veloso para dicir que cando a unha persoa se lle imputa unha ilegalidade, ten dereito a calar, e que neste caso sabe de antemán que o que acaba de dicir o Sr. Alcalde é falso, facendo referencia ó Informe emitido polo Consello de Contas do que claramente se deduce que estas deixan moito que desexar, e que poden derivar en responsabilidades esixibles en vía penal. El so pretende esclarecer o que lle piden os veciños, comparando a situación do Concello de Lobios ca situación que está atravesándoo Concello de Marbella; a sorte do Sr. Alcalde é que non teña un Secretario



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

de carreira porque entón as cousas irían de outro xeito, tendo en conta que, ó seu xuízo, a Secretaria Habilitada non está capacitada e cualificada para desempeñar o cargo, esto dito sen ánimo de ofender. Para evitar responsabilidades de vería darse traslado desta situación ás autoridades competentes para derivar as responsabilidades a que houbera lugar.

O Sr. Fernández Simo, solicita do Sr. Alcalde autorización para dirixirse ó Sr. Asesor do Concello, presente no Salón de Plenos, preguntándolle se os cheques, albarás, etc. A que se referiu anteriormente estima que son correctos, respondendo o Sr. Asesor que a seu xuízo non son correctos, xa que nalgún caso o único documento acreditativo de pagamentos efectuados é a fotocopia dun cheque unido ó mandamento, indicando asemade que dende o 30 de xuño do pasado ano, non se volveu a emitir ningún cheque ó portador.

Sometida a votación a aprobación das contas Xerais dos anos 1999 e 2000, conforme ó resume que consta anteriormente, votan a favor da aprobación das Contas os seis Srs. Concelleiros integrados no Grupo Municipal do PP, votando en contra os catro Sr. Concelleiros d Grupo Municipal do PSdeG PSOE e o Sr. Concelleiro representante do Grupo Municipal do BNG .

E non habendo máis asuntos que tratar polo Señor Alcalde - Presidente procedese a levantala sesión sendo as 20,45 horas, de todo o que eu, o Secretaria Habilitada, certifico.